

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 27/01/2022

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D. ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/01/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 13 de xaneiro de 2022.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2022.
3. Toma de coñecemento das subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra
4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas
5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a renovación do convenio colectivo e melloras das condicións laborais das traballadoras do Servizo de Atención ao Fogar

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG para a mellora da seguridade viaria na Rúa Veiga do Mar
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG para a mellora do saneamento e recollida de pluviais nas Rúas Ameixeiras e Miramar
8. Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual do PXOM, para ampliación da EDAR
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP de melloras no uso e aproveitamento do Pavillón de Bamio
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de apoio á reforma laboral.
11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
14. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Antes de comezar a sesión o Sr. Alcalde quere facer chegar o pésame aos familiares, amigos e compañeiros da exalcaldesa de O Porriño, Eva García de la Torre, que finou no día da data.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 13 DE XANEIRO DE 2022.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación á acta de 13 de xaneiro de 2022.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (17 de 21) a acta da sesión anterior de data 13 de xaneiro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2021: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía no mes de decembro de 2021:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Corrección erro partida imputación en resolución
- 1 Denegación instalación DJ no exterior de local
- 1 Recoñecemento de obriga pago terreos Ramal
- 1 Corrección resolución expte. n.º 42/X/2021
- 1 Recoñecemento de obriga facturas
- 1 Expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza no tributaria 42/X/21
- 1 Destino Vehículos abandonados a centro autorizado de recepción e descontaminación
- 1 Aboamento festivos, domingos e nocturnidade
- 1 Contestación escrito bolsa de traballo
- 1 Bases de selección Bolsa Técnico FP Informática
- 1 Desconto haberes ausencia non xustificada
- 1 Desestímato prescrición nomeamento funcionario mobilidade policia
- 1 Nomeamento Oficiais Policía Funcionario de Carreira
- 2 Nomeamento funcionario interino substitución de titular
- 2 Nomeamento funcionarios promoción interna
- 1 Comunicación Xunta de Galicia substitución Tesourería
- 2 Pagamento plan de pensións
- 5 Substitución posto de categoría superior
- 1 Data efecto pago trienios recoñecemento servizos previos
- 1 Recurso contencioso administrativo responsabilidade patrimonial
- 1 Avocación competencias Alcaldía
- 1 Adxudicación contrato de Servizos
- 1 Aprobación pregos mantemento ascensores
- 5 Estimación rateo no IVTM
- 2 Estimación/Desestimación IVTM
- 1 Estimación ICIO
- 7 Estimación/desestimación recibos
- 4 Estimación compensación de débedas
- 1 Cambio xestión de bens inmobles
- 7 Estimación liquidacións e baixas
- 2 Estimación exención no IBI
- 10 Estimación/Desestimación IBI
- 5 Estimación pagos duplicados
- 32 Estimación taxas e prezos públicos
- 43 Estimación/desestimación beneficios fiscais no IIVTNU
- 16 Estimación/desestimación IIVTNU
- 4 Pago comisións bancarias
- 3 Pago expediente Intervención
- 1 Pago Préstamo novembro
- 7 Pagos diversos Tesourería

1 Ampliación actividade psicotécnico
 5 Deber de conservación
 15 Reposición da legalidade urbanística
 1 Prórroga ampliación terrazas en locais hostalería
 2 Autorización Instalación de terrazas con mesas e cadeiras
 1 Arquivo expediente comunicación previa obras
 3 Prórroga para realización de obras
 1 Ampliación rede de telecomunicacións
 2 Ampliación rede eléctrica
 1 Declaración ineficacia comunicación previa
 1 Concesión licenza vao permanente
 4 Concesión de licenza de obra maior
 7 Concesión de licenza primeira ocupación e/ou conexión auga e/ou saneamento
 4 Concesión obras acometida rede de canalización gas
 3 Concesión de licenza de segregación
 20 Comunicación previa realización de obras
 5 Comunicación cambio de titular licenza de actividade

TOTAL: 255

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN

PROVINCIAL DE PONTEVEDRA: Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de 27 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos solicitados ao Plan Provincial de obras e Servizos, así como dos importes concedidos:

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada á Deputación Provincial	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención
Programa de axudas aos sectores máis desfavorecidos pola situación pandémica.	PLAN CONCELLOS 2021-LIÑA 2	109.191,98 €	109.191,98 €	XGL: 05/07/2021
Reforma de Local na Rúa Castelao 7 para Biblioteca Municipal	PROGRAMA REACPON	1.237.629,90 €	1.237.629,90 €	XGL: 26/07/2021 Aportación municipal 530.412,81€,

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro

do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Solicitude de intervención de Dona Marisol Gómez Fernández, en representación da Plataforma SAF Galicia en relación coa moción do grupo municipal Podemos – Marea da Vila PARA A RENOVACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO E MELLORAS DAS CONDICIÓNS LABORAIS DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO FOGAR.

- Solicitude de intervención de D. Cándido Meixide Figueiras, en representación da Plataforma Veciñal Esperta Vilaxoán, en relación coas seguintes mocións:

- Moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG para a mellora da seguridade viaria na Rúa Veiga do Mar.
- Moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG para a mellora do saneamento e recollida de pluviais nas Rúas Ameixeiras e Miramar.

Polo Sr. Alcalde procédese a modificar a orde do día do Pleno, pasando a debatir a continuación os asuntos que figuran co nº 7, 8 e 9.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 17:15 horas incorporase á sesión o Sr. Mouriño Santiago.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A RENOVACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO E MELLORAS DAS CONDICIÓNS LABORAIS DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO FOGAR: Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 27 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 18 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xaneiro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A RENOVACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO E MELLORAS DAS CONDICIÓNS LABORAIS DAS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO FOGAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Atención ao Fogar (SAF) é un dos piares que sustenta o noso Sistema de Atención á Dependencia, sobre todo a partir da aprobación en 2006 da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de Dependencia. Trátase, polo tanto, dun servizo público de carácter esencial cuxa finalidade é garantir a igualdade no dereito subxectivo de cidadanía mediante a promoción da autonomía persoal das persoas en situación de Dependencia.

O persoal do SAF, un sector maioritariamente feminizado, compóñeno persoas con especialización que proporcionan unha serie de atencións no seu domicilio a persoas con dificultades para o seu desenvolvemento habitual (fundamentalmente persoas maiores pero tamén persoas con diversos graos de dependencia) e de apoio nas actividades básicas da vida diaria, permitindo deste xeito a autonomía das persoas e facilitando a permanencia nos seus fogares.

Estamos falando dun servizo fundamental para a dignidade das persoas en situación de vulnerabilidade no que, como coa maioría de tarefas relacionadas cos coidados, as condicións de traballo están precarizadas e non se corresponden co valor real que este servizo supón para a sociedade. Que este servizo se desenvolva dentro do entorno doméstico contribúe á invisibilidade das traballadoras e traballadores do mesmo e inflúe nunhas maiores condicións de precariedade, algo que se estende ás coidadoras familiares que o realizan ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Se ben a crise da COVID puxo en evidencia o valor dos coidados e amosounos a fragilidade do sistema actual, introducindo o debate sobre a necesidade de fortalecelo, o transcurso do tempo segue a revelar situacións derivadas da falta de perspectiva e compromiso para abordar a situación. No caso das traballadoras do SAF, a Plataforma SAF Galicia ten convocado diversas mobilizacións coa finalidade de denunciar a precariedade laboral que padecen as traballadoras deste servizo e tamén para darlle visibilidade ás súas demandas.

A regulación laboral do Servizo de Atención no Fogar en Galicia, establécese no convenio suscrito con data do 3 de novembro de 2009 e publicado no DOG en febreiro de 2010 (existe un convenio marco estatal posterior pero sen melloras sensibles nas condicións do mesmo). Dito convenio, xa caducado, cunha vixencia de dous anos (ata o 31 de decembro de 2011) establece as condicións de traballo de todas as empresas do sector independentemente da fórmula xurídica. No seu articulado figuran os parámetros relativos á cuestións como a xornada de traballo, emprego e estrutura retributiva. Por exemplo, atendendo ao seu artigo 44 "Incremento de retribucións" sinala:

"Durante a vixencia do presente convenio incrementaranse anualmente os conceptos reflexados nas táboas salariais, a excepción do plus de antigüidade, domingos e festivos e plus de dispoñibilidade, nas seguintes porcentaxes:

Para o exercicio 2009, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2008 máis 1,3 puntos.

Para o exercicio 2010, o aumento será del IPC real correspondente ao exercicio 2009 máis 2 puntos.

Para o exercicio 2011, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2010 máis 2 puntos.

En calquera caso, a comisión paritaria determinará os criterios de aplicación nos supostos no que o IPC non fose positivo".

Sen embargo, dado que as condicións do convenio colectivo autonómico non se revisan dende o ano 2009 (a pesar do seu vencemento en 2011) a evolución salarial faise en criterio á subida do IPC, o que provoca que as condicións salariais estean desfasadas. Un dato ilustrativo é que as traballadoras do SAF tiñan fai uns anos un salario bastante superior ao SMI. Sen embargo, as diferentes subidas do SMI e a falta de actualización das condicións do persoal auxiliar do SAF provocan que na actualidade ditas condicións estean moi próximas ao SMI (nalgúns casos incluso por debaixo do SMI ao ter que traballar por "peonadas" polas que ingresan entre 5 e 6 euros netos por hora), a pesar de tratarse dunha labor que require dun grao de especialización.

Asemade, a estrutura salarial que estipula o convenio inclúe outros factores como Plus de Antigüidade, Plus de Domingos e Festivos, Horas Extraordinarias ou Complemento de Distancia. Sen embargo, existen serias dúbidas de que estes criterios se estean a aplicar de maneira efectiva segundo o estipulado no mesmo.

As traballadoras do SAF levan tempo denunciando esta situación: salarios baixos e desfasados, contratos parciais e temporais que se poderían encadrar en fraude de lei e pésimas condicións e dereitos no relativo a cuestións como as baixas por enfermidade laboral ou as condicións precisas para a xubilación de ditas traballadoras (a idade mínima que se esixe é de 67 anos).

Esta situación viuse empeorada tras a aprobación da Lei de Dependencia do ano 2006 e coa chegada do PP ao goberno da Xunta, impulsando a privatización dos servizos de atención

domiciliaria ao igual que sucedeu coas residencias xeriátricas.

Recentemente, foi denunciada a discriminación das traballadoras do SAF ao non incluílas, xunto ao persoal sanitario, para que lles sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID, cando este colectivo é o segundo máis afectado despois do sanitario.

Cabe insistir en que o SAF é un servizo municipal que se xestiona de maneira indirecta en moitos casos, polo tanto, o Concello debe velar pola calidade do servizo que se presta ás usuarias, pero tamén traballar para que se garanta que o persoal laboral do SAF, en concreto as auxiliares, preste dito servizo en condicións de traballo dignas como corresponde cunha actividade esencial da que depende o benestar das nosas persoas maiores e dependentes en situación de especial vulnerabilidade.

Por todo o anterior, propoñemos ao pleno da corporación de Vilagarcía de Arousa os seguintes ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a:

- Revisar o cumprimento por parte da empresa concesionaria do SAF do estipulado no convenio colectivo con código 8200675.
- Incorporar nos pregos do servizo criterios sociais como condicións esenciais de execución que outorguen unha maior puntuación ás empresas/entidades que se comprometan coas condicións laborais das traballadoras. Incorporar mecanismos para a fiscalización do cumprimento do convenio colectivo.
- No caso de licitacións que estean a piques de vencer, o compromiso de facer un estudio de viabilidade de recuperación do servizo do SAF para que este sexa prestado e xestionado directamente por parte desta corporación municipal.
- Revisar que as follas de servizos ás usuarias estean personalizadas e inclúan as tarefas concretas correspondentes e proporcionais ás horas asignadas a cada usuaria.

Instar á Xunta de Galicia a:

- Instar ás partes á negociación dun novo convenio colectivo para a actualización das condicións na que se presta o Servizo de Axuda a Domicilio en Galicia.

Instar ao Ministerio de Sanidade a:

- O recoñecemento das enfermidades profesionais específicas da labor do Servizo de Axuda no Fogar.
- Incluír ás traballadoras do SAF, como xa se fixo co persoal sanitario, para que lle sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID.

Instar ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a:

- Emprender as medidas oportunas para o establecemento da redución da idade das persoas que desempeñan actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade (con código CNAE 881) por medio da aplicación do correspondente coeficiente redutor en seguimento do estipulado no Real Decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social.

Instar ao Ministerio de Traballo:

- Establecer o marco que garanta a avaliación dos postos de traballo tal e como se especifica na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

En Vilagarcía de Arousa, a 18 de xaneiro de 2022

María de la O Fernández González

Voceira e concelleira de Podemos-Marea da Vila

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a renovación do convenio colectivo e melloras das condicións laborais das traballadoras do Servizo de Atención ao Fogar.

A seguir intervén Dona Marisol Gómez Fernández, en representación da Plataforma SAF Galicia.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(4), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e once abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a renovación do convenio colectivo e melloras das condicións laborais das traballadoras do Servizo de Atención ao Fogar e:

Que polo Concello de Vilagarcía de Arousa se proceda a:

- Revisar o cumprimento por parte da empresa concesionaria do SAF do estipulado no convenio colectivo con código 8200675.
- Incorporar nos pregos do servizo criterios sociais como condicións esenciais de execución que outorguen unha maior puntuación ás empresas/entidades que se comprometan coas condicións laborais das traballadoras. Incorporar mecanismos para a fiscalización do cumprimento do convenio colectivo.
- No caso de licitacións que estean a piques de vencer, o compromiso de facer un estudio de viabilidade de recuperación do servizo do SAF para que este sexa prestado e xestionado directamente por parte desta corporación municipal.
- Revisar que as follas de servizos ás usuarias estean personalizadas e inclúan as tarefas concretas correspondentes e proporcionais ás horas asignadas a cada usuaria.

Instar á Xunta de Galicia a:

- Instar ás partes á negociación dun novo convenio colectivo para a actualización das condicións na que se presta o Servizo de Axuda a Domicilio en Galicia.

Instar ao Ministerio de Sanidade a:

- O recoñecemento das enfermidades profesionais específicas da labor do Servizo de Axuda no Fogar.
- Incluír ás traballadoras do SAF, como xa se fixo co persoal sanitario, para que lle sexan consideradas enfermidades profesionais os contaxios por COVID.

Instar ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a:

- Empezar as medidas oportunas para o establecemento da redución da idade das persoas que desempeñan actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade (con código CNAE 881) por medio da aplicación do correspondente coeficiente redutor en seguimento do estipulado no Real Decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social.

Instar ao Ministerio de Traballo:

- Establecer o marco que garanta a avaliación dos postos de traballo tal e como se especifica na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE PODEMOS-MAREA DA VILA, VILAGARCÍA EN COMÚN, CIUDADANOS, PP E BNG PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA RÚA VEIGA DO MAR: Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de 27 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG, coa data de 18 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Podemos-Marea da Vila, Juan Manuel Fajardo Recouso como Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, David Higinio Oliveira Barreiro como Voceiro do Grupo Municipal de Ciudadanos, Ana María Granja Guillán como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, Lucía César Veloso como Voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xaneiro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA RÚA VEIGA DO MAR.

A mobilidade en Vilagarcía de Arousa vén sufrindo unha transformación nos últimos anos coa introdución de elementos relacionados coa mobilidade sostible, como son as humanizacións, trazados peonís e carrís bici. Sen embargo, moitos destes cambios se están a realizar sen a redacción previa dun plan de mobilidade sostible, o que dificulta unha concepción global da mobilidade na nosa vila e deriva nunha falta de planificación que fai que se obvien algunhas das consecuencias que teñen estes cambios e como afectan á circulación de maneira máis xeral. Este é o caso do recente investimento co que o Concello de Vilagarcía dotou a Canelas (Sobradelo) dun paseo marítimo cunha senda peonil e un carril para a circulación en bicicleta. Esta obra supuxo a anulación do tráfico pesado pola vía adxacente, para recaer na rúa Veiga do Mar, entrada sur a Vilaxoán e zona urbana residencial. A carencia de elementos de sinalización e beirarrúas provoca unha evidente sensación de inseguridade na veciñanza da propia rúa e adxacentes como Almirante Fontán, Rodríguez Padín, Sartaches, Ramón Paredes e travesía da Pica. Se a demanda dunha planificación viaria é histórica, faise cada vez máis urxente polo incremento de tráfico.

O inconcibible paso de peón no alto e a confluencia coa rúa Preguntoiro son dous feitos paradigmáticos que queremos destacar para constatar a necesidade de revisar a circulación e os elementos que a constitúen na devandita zona.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a:

1. Realizar un estudo de mobilidade e accesibilidade na Rúa Veiga do Mar.
2. En base a este estudo, redactar un proxecto coas intervencións precisas para garantir a seguridade viaria da zona, incluíndo o prazo de execución estimado do mesmo.
3. Incluír nos orzamentos do 2022 as partidas orzamentarias a tal efecto.

En Vilagarcía de Arousa a 18 de xaneiro de 2022

María de la O Fernández González

Voceira do Grupo Municipal de Podemos – Marea da Vila

Juan Manuel Fajardo Recouso

Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común

David Higinio Oliveira Barreiro

Voceiro do Grupo Municipal de Ciudadanos

Ana María Granja Guillán

Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Lucía César Veloso

Voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG para a mellora da seguridade viaria na Rúa Veiga do Mar.

- A seguir intervén D. Candido Meixide Figueiras, en representación da plataforma veciñal Esperta Vilaxoán.

- Procédese a realizar o debate conxunto dos puntos nº 6 e 7 do presente pleno.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(4), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e once votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG para a mellora da seguridade viaria na Rúa Veiga do Mar.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE PODEMOS-MAREA DA VILA, VILAGARCÍA EN COMÚN, CIUDADANOS, PP E BNG PARA A MELLORA DO SANEAMENTO E RECOLLIDA DE PLUVIAIS NAS RÚAS AMEIXEIRAS E MIRAMAR . Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de 27 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG, coa datade 18 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Podemos-Marea da Vila, Juan Manuel Fajardo Recouso como Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, David Higinio Oliveira Barreiro como Voceiro do Grupo Municipal de Ciudadanos, Ana María Granja Guillán como Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, Lucía César Veloso como Voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xaneiro, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A MELLORA DO SANEAMENTO E RECOLLIDA DE PLUVIAIS NAS RÚAS AMEIXEIRAS E MIRAMAR.

Vilaxoán de Arousa é unha vila mariñeira que, polas súas características histórico-culturais e socioeconómicas, constitúe un dos núcleos poboacionais máis singulares e de maior entidade do Concello de Vilagarcía de Arousa. Precisamente pola súa singularidade e entidade, é preciso que as actuacións sobre Vilaxoán se afronten de maneira global e buscando o aproveitamento do seu inmenso potencial, se o que se pretende é encamiñala cara un horizonte de prosperidade tras décadas de malas actuacións que veñen limitando o seu desenvolvemento e provocando o seu decrecemento económico e poboacional. Se ben neste pleno se teñen presentado e aprobado propostas que pedían unha abordaxe integral da situación de Vilaxoán, certo é que falta un debate serio desde unha perspectiva técnica e multidisciplinar sobre o seu futuro, algo que é necesario para establecer obxectivos a medio e longo prazo. Sen embargo, tamén existen

actuacións que requiren ser abordadas de maneira diferenciada e con urxencia, para ir corrixindo así algunhas das eivas que son consecuencia do paso do tempo ou de erradas actuacións de carácter máis estrutural.

Isto é o que acontece coa -no seu día- mal planificada rede pluvial e de saneamentos que está a producir a saturación das tubaxes que van dende a rúa Ameixeiras e Miramar, co conseguinte levantamento das tapas dos rexistros, afundimento do firme da vía e asolagamento no tramo de confluencia coa rúa Avelina Nogueira. Por mor disto hai garaxes con inundacións, ademais das dificultades dos veciños para entrar ou saír dos edificios afectados polo embalsado. Algo que sucede cando as precipitacións son abondosas e pode corroborarse polos propios informes do Servizo de Emerxencias. A evidencia do defecto conséntase na existencia de dúas pranchas de ferro, unha no canto nordeste do Campo de Fútbol, ao lado dunha marquesiña de autobús e outra -revestida de asfalto- paralela ao Lavadoiro. Esta última cando hai forza de auga queda desprazada pese ao peso, e xunto con outros rexistros abertos, enchen de terra e fluídos pertencentes ás augas fecais e pluviais que veñen soterradas. Outra consecuencia desta situación é o firme viario afundido e cuberto con revestimento de formigón bruto, o que produce abrasión nos pneumáticos dos vehículos. Entendemos que esta situación transcende ás inmediacións da parada de bus de Aveliña Nogueira pois son frecuentes as roturas do firme por afundimento.

A defectuosa rede é responsable da perda do acuífero que alimentaba o Lavadoiro, que neste momento so recibe zumegadas de orixe descoñecido con carga de elementos fecais. O que provoca que o seu estado actual non se corresponda con este elemento tradicional de Galicia do que sería preciso unha recuperación e posta en valor.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a:

1. Realizar un informe da situación para o coñecemento da corporación e a veciñanza afectada.
2. Elaboración dun proxecto que estipule as reformas estruturais que solucionen as eivas relacionadas coas eivas de saneamento e pluviais de Ameixeiras e Miramar e as súas consecuencias no tramo de Avelina Nogueira.
3. Recuperar o acuífero do lavadoiro e a posta en valor dos elementos patrimoniais que constitúen o mesmo.
4. Incluír nos orzamentos do 2022 as partidas orzamentarias para a realización destes traballos.

En Vilagarcía de Arousa a 18 de xaneiro de 2022

María de la O Fernández González

Voceira do Grupo Municipal de Podemos – Marea da Vila

Juan Manuel Fajardo Recouso

Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común

David Higinio Oliveira Barreiro

Voceiro do Grupo Municipal de Ciudadanos

Ana María Granja Guillán

Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Lucía César Veloso

Voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG para a mellora do saneamento e recollida de pluviais nas Rúas Ameixeiras e Miramar.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(4), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e once votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila, Vilagarcía en Común, Ciudadanos, PP e BNG para a mellora do saneamento e recollida de pluviais nas Rúas Ameixeiras e Miramar.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM, PARA AMPLIACIÓN DA EDAR. Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de 27 de xaneiro de 2021, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 11 DO PXOM DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR) (R.U. 255)

O Plan de Saneamento Local da marxe esquerda da Ría de Arousa, que abarca o ámbito xeográfico dos municipios de Vilagarcía de Arousa e Catoira redactouse co obxectivo principal de constituír un instrumento de planificación para definir, valorar e priorizar as actuacións necesarias para a mellora das redes de saneamento existentes nos devanditos municipios, orientadas á obtención de sistemas máis sostibles. Unha das actuacións prioritarias como conclusión do Plan de Saneamento Local, e a necesidade de ampliar o caudal de tratamento punta da Estación Depuradora de Vilagarcía de Arousa.

Con data de 28.12.2018, Augas de Galicia, ditou resolución de adxudicación do expediente de contratación "Contrato de servizo de Redacción do Proxecto Construtivo da obra de mellora da capacidade da liña de proceso da EDAR do Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Clave OH.336.1146."

En febreiro de 2019 asínase o correspondente contrato e redáctase un Estudo de Alternativas para a mellora da liña de auga da EDAR resultando que será necesaria unha ampliación da súa capacidade de tratamento secundario que implicará un incremento substancial da produción de lodos así como das súas características.

O vixente PXOM recolle as actuais instalacións da E.D.A.R e os terreos colindantes necesarios para a súa ampliación baixo diferentes clases de solo (Urbano Consolidado e No Consolidado) e cualificacións (VA- áreas libres. Sistema de zonas verdes e espazos libres, coa clave L-169, IO- Sistema de infraestruturas, coa clave X-44, INDU- solo industrial e UEI- unidade UEI-27-) o que resulta incompatible coa actuación de ampliación proxectada.

Ante dita situación redactouse a " Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilagarcía de Arousa (PXOM) para a Ampliación da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR)" (Modificación Puntual nº 11 do PXOM de Vilagarcía de Arousa).

A ampliación da E.D.A.R de Vilagarcía de Arousa constitúe, como se salienta na memoria xustificativa do documento que se somete a aprobación inicial, un beneficio público có que se pretende conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia de recursos ao incrementar substancialmente a capacidade de tratamento da actual planta de tratamento de augas residuais de Vilagarcía de Arousa para dar servizo a toda a poboación de maneira que se garanta o cumprimento de límites de vertedura para os caudais e cargas de deseño realmente recibidos, existindo polo tanto un interese público proceder a modificación puntual do PXOM para a ampliación da E.D.A.R tal e como se indica no apartado 2.1.1.a) da memoria xustificativa, cal é a mellorar a calidade e funcionalidade da EDAR así como a conservación e protección do medio ambiente, especialmente o medio mariño das verteduras.

Con data 16.02.2021 o arquitecto municipal emite informe favorable en relación con borrador da Modificación Puntual e o Documento Ambiental Estratéxico para ser sometido a avaliación ambiental simplificada.

Remitido a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación Puntual nº 11 do PXOM á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en data 27.05.2021 ten entrada no Concello de Vilagarcía de Arousa a Resolución da Directora Xeral de Calidade, Sostibilidade e Cambio Climático do 27.05.2021, pola que se resolveu: "Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a " Modificación Puntual nº 11 do PXOM para ampliación da estación depuradora de augas residuais", no concello de Vilagarcía de Arousa.

Consta no expediente administrativo os seguintes informes:

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 6.05.2021; evacuado con ocasión do trámite de consultas do procedemento de avaliación ambiental.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 24.05.2021; evacuado con ocasión do trámite de consultas do procedemento de avaliación ambiental.
- Informe previo a aprobación inicial da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo pola afección da zona de servidume do Dominio Público Marítimo Terrestre do 25.08.2021 (con entrada no Concello en data 10.09.2021).
- Informe previo á aprobación inicial da Dirección General de la Costa y el Mar del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico do 21.12.2021. (con entrada no Concello de Vilagarcía en data 30.12.2021)

En data 13.01.2022, polo equipo redactor achégase o documento para a aprobación inicial da Modificación Puntual nº 11 coa incorporación do indicado nos informes anteriormente sinalados, e en data 18.01.2022 achégase resumo executivo.

En data 18.01.2022 emitiuse informe polo Arquitecto Municipal no que, tras a análise documento da modificación puntual e os informes obrantes no expediente administrativo, se conclúe favorablemente a aprobación inicial do documento.

En data 18.01.2022 emitiuse informe xurídico favorable no que se realiza proposta a esta Alcaldía para aprobación inicial da Modificación Puntual nº 11 do PXOM para ampliación da Estación Depuradora de Augas Residuais de Vilagarcía de Arousa (EDAR).

Á vista dos antecedentes expostos, esta Alcaldía-Presidencia en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente propón ó Pleno, órgano competente en aplicación do previsto no artigo 22 da Lei 7/85, de bases de réxime local, a adopción do seguinte

A C O R D O:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a “Modificación Puntal Nº 11 do PXOM para a ampliación da E.D.A.R de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)”, promovida por este Concello , e redactada por “Alfonso Botana, S.L” en data 13.01.2022 e resumo executivo de data 18.01.2022.

SEGUNDO.- Someter a información pública o expediente incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous meses, mediante a publicación no DOG, nun dos xornais de maior difusión da provincia, no taboleiro de edictos do Concello de Vilagarcía de Arousa e na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, a efectos que durante dito período poidan formularse alegacións, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data de publicación do anuncio no DOG.

TERCEIRO.- Solicitar, durante o trámite de información pública, os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.

CUARTO.- Remitir o documento a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aos efectos previstos no Artigo 144.7 do RLSG.

QUINTO.- Acordar, consonte o disposto no Artigo 47.2 da LSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixitalizada.

O Alcalde Presidente
D. Alberto Varela Paz.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente. As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense. En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial da modificación puntual do PXOM, para ampliación da EDAR.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a “Modificación Puntal Nº 11 do PXOM para a ampliación da E.D.A.R de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)”, promovida por este Concello , e redactada por “Alfonso Botana, S.L” en data 13.01.2022 e resumo executivo de data 18.01.2022.

SEGUNDO.- Someter a información pública o expediente incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous meses, mediante a publicación no DOG, nun dos xornais de maior difusión da provincia, no taboleiro de edictos do Concello de Vilagarcía de Arousa e na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, a efectos que durante dito período poidan formularse alegacións, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data de publicación do anuncio no DOG.

TERCEIRO.- Solicitar, durante o trámite de información pública, os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.

CUARTO.- Remitir o documento a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aos efectos previstos no Artigo 144.7 do RLSG.

QUINTO.- Acordar, consonte o disposto no Artigo 47.2 da LSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE MELLORAS NO USO E APROVEITAMENTO DO PAVILLÓN DE BAMIO:

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de 27 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 18 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de xaneiro de 2022 a seguinte MOCIÓN:

"Melloras no uso e aproveitamento do pavillón de Bamio"

EXPOÑEN

Desde o mesmo momento da súa construción, conséntase un progresivo abandono das instalacións do pavillón de Bamio ante a falta de uso e de mantemento. Unha situación que deriva en que ditas instalacións estean cada vez máis deterioradas, sexa cada vez máis difícil poder utilizalas e, polo tanto, cada vez sexa máis complexa a posible solución do problema.

A veciñanza desta parroquia leva anos reclamando un óptimo aproveitamento destas instalacións para poder darlle o uso para o cal foron construídas. E non só a veciñanza de Bamio, posto que en todo o noso municipio hai unha cada vez máis crecente demanda de instalacións deportivas municipais á disposición de todos os que queiran practicar algunha actividade deportiva.

A actual situación deste pavillón, tras anos de abandono e tras sufrir numerosos actos

vandálicos, imposibilita que poida aproveitarse para satisfacer estas demandas. Polo que urxe unha actuación por parte do Concello de Vilagarcía que reverta a situación e poida así contribuír non só á satisfacción das demandas da veciñanza de Bamio en materia deportiva, senón tamén á dinamización desta parroquia e da súa contorna.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

SOLICITA

1. Que o goberno local de Vilagarcía avalíe a actual situación do pavillón de Bamio e estude as súas potencialidades de cara a un mellor aproveitamento e uso destas instalacións.
2. Que o goberno local de Vilagarcía, nese proceso de avaliación e estudo, se poña en contacto coa veciñanza e asociacións de Bamio para coñecer qué uso lle queren dar ao pavillón e consensuar con eles o futuro aproveitamento destas instalacións.
3. Que o goberno local de Vilagarcía, en función dos resultados obtidos, elabore un proxecto con dotación orzamentaria.

En Vilagarcía de Arousa, a 18 de xaneiro de 2022

Ana Granja – Voceira do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP de melloras no uso e aproveitamento do Pavillón de Bamio.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Que o goberno local de Vilagarcía avalíe a actual situación do pavillón de Bamio e estude as súas potencialidades de cara a un mellor aproveitamento e uso destas instalacións.
2. Que o goberno local de Vilagarcía, nese proceso de avaliación e estudo, se poña en contacto coa veciñanza e asociacións de Bamio para coñecer qué uso lle queren dar ao pavillón e consensuar con eles o futuro aproveitamento destas instalacións.
3. Que o goberno local de Vilagarcía, en función dos resultados obtidos, elabore un proxecto con dotación orzamentaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE DE APOIO Á REFORMA LABORAL: Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 27 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 19 de xaneiro de 2022, do seguinte teor:

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Vilagarcía de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno en relación coa reforma laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenvolvemento e avance da economía de calquera país, tamén en España, onde actualmente traballan máis de vinte millóns de persoas, unha cifra histórica.

O emprego é un pilar cruce no benestar dunha sociedade como a española e permite o crecemento da cidadanía e, por tanto, impulsa a actividade económica a todos os niveis.

En tan só un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia. Nunca contáramos con tantas mulleres afiliadas nin se encadearon dez meses consecutivos de redución do paro, en especial o paro xuvenil, cunha caída de preto do 40% no último ano.

Créase emprego en todos os sectores económicos e de forma importante en sectores económicos de alto valor engadido.

Nese sentido, a reforma laboral acordada entre o Goberno e os axentes sociais, un acordo ambicioso, é a mellor ferramenta para seguir consolidando un marco de creación de emprego que atalle os dous principais males do noso mercado de traballo: a precariedade e o alto desemprego.

Por iso, a nova reforma laboral penalizará a contratación de baixa duración e incentivará a contratación indefinida e o emprego estable.

A nova reforma laboral tamén aposta por potenciar a contratación indefinida fronte á temporalidade e reducirá o número de tipo de contratos xeneralizando o contrato indefinido, limitando a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, e fomentando o contrato fixo descontínuo.

Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados.

Ademais, refórzase a negociación colectiva ao recuperar a ultraactividade indefinida, xa que os convenios prorrogáranse ata que sexan substituídos por outros novos sen límite temporal. Tamén se incrementan as sancións por contratación irregular e impúlsase a formación dos traballadores. Partindo da boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo REDE de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa ao despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas. Impediranse, ademais, os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, trátase de crear un marco laboral do século XXI, que permita reducir a temporalidade no traballo, reforzar a creación de emprego de calidade e ofrecer seguridade xurídica ás empresas e, ao mesmo tempo, cumprir cun compromiso adquirido coa Comisión europea para lograr o seu aval e empezar a recibir os primeiros fondos europeos, como xa sucedeu.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de Vilagarcía de Arousa a adoptar o seguinte acordo:

A Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa

1. Apoia a reforma laboral acordada entre os axentes sociais para impulsar a creación de emprego estable e de calidade, e para atallar a precariedade e o desemprego no noso país.
2. Defende a potenciación da contratación indefinida fronte á temporalidade a través do contrato indefinido e do fomento do contrato fixo descontínuo, así como apoiar a recuperación da negociación colectiva para aumentar os dereitos dos traballadores e traballadoras, que permita restablecer o equilibrio entre empresas e persoas traballadoras.
3. Apoia o Mecanismo REDE de Flexibilidade e Estabilización do Emprego, que será a alternativa ao despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas.
4. Refrenda co seu apoio o acordo alcanzado, a aposta pola ultraactividade indefinida e a formación dos traballadores e traballadoras como forma de crear un marco laboral adaptado ás necesidades do século XXI.
5. Defende o diálogo como ferramenta para alcanzar acordos como o logrado cos axentes sociais ao redor da reforma laboral, por encima de ideoloxías, e que permiten avanzar cara a unha recuperación xusta para que España siga crescendo.

Vilagarcía de Arousa, 19 de xaneiro de 2022

Asdo. Tania García Sanmartín

Portavoz Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de apoio á reforma laboral.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos (1), e catro votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal e facer constar que a Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa

1. Apoia a reforma laboral acordada entre os axentes sociais para impulsar a creación de emprego estable e de calidade, e para atallar a precariedade e o desemprego no noso país.
2. Defende a potenciación da contratación indefinida fronte á temporalidade a través do contrato indefinido e do fomento do contrato fixo discontinuo, así como apoiar a recuperación da negociación colectiva para aumentar os dereitos dos traballadores e traballadoras, que permita restablecer o equilibrio entre empresas e persoas traballadoras.
3. Apoia o Mecanismo REDE de Flexibilidade e Estabilización do Emprego, que será a alternativa ao despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas.
4. Refrenda co seu apoio o acordo alcanzado, a aposta pola ultraactividade indefinida e a formación dos traballadores e traballadoras como forma de crear un marco laboral adaptado ás necesidades do século XXI.
5. Defende o diálogo como ferramenta para alcanzar acordos como o logrado cos axentes sociais ao redor da reforma laboral, por encima de ideoloxías, e que permiten avanzar cara a unha recuperación xusta para que España siga crescendo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=12>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte do Sr. Alcalde procedese a responder preguntas formuladas no pleno anterior de 13 de xaneiro de 2022.

A seguir, por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.
As preguntas formuladas contestaranse no próximo pleno ordinario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=13>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220127&punto=14>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:25, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.